

Ordenanza fiscal n.º 7. Reguladora da taxa pola recolleita do lixo**Artigo 1. Fundamento**

De conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación cos artigos 20 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, que se rexera pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible desta taxa de prestación de servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Ribadavia, o seu transporte aos centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprir os produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas no artigo 20 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

2.- Entenderáse de recepción obrigatoria o servizo prestado a todas as vivendas, locais e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou doutros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización con independencia de que estean ou non, habitados ou utilizados. En consecuencia, todos eles tributan unha cota mínima de dispoñibilidade do servizo en contía igual á tarifa de vivenda.

3.- Considéranse, para efectos desta ordenanza, de conformidade co artigo 4.2 da Lei 10/2008 de residuos de Galicia residuos urbanos o municipais, os xerados nos domicilios particulares, comercios oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que, pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

4.- O lixo deberá ser depositado polos usuarios do servizo nos colectores instalados para o efecto, e deberá ser introducido previamente en bolsas de plástico debidamente pechadas. O lixo que polas súas características especiais non poida ser depositado nas correspondentes bolsas será sacado á vía pública.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que presten ou realicen as entidades locais, de conformidade co artigo 23.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En consecuencia, son suxeitos pasivos contribuíntes nesta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista ou arrendatario.

2.- Terán a condición de substitutos do contribuínte, nas taxas establecidas por razóns de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios dos ditos inmobles, quen poderán repercutir, se é o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios, de conformidade co artigo 23.2, do citado Real decreto lexislativo 2/2004.

Artigo 4.

1.- A obriga de contribuír nace coa prestación do servizo, por ter a condición de obrigatoria e xeral, entendéndose utilizado polos titulares de vivendas e locais existentes na zona que cubra a organización do servizo.

2.- Non será admisible ningunha alegación sobre vivendas e locais pechados ou non utilizados como eximente ao pagamento da presente taxa.

3.- Considerarase exentas do pagamento da presente taxa as vivendas baleiras e que acrediten mediante certificados das empresas subministradoras que non dispoñen de servizos de luz e auga.

Artigo 5.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles. Para tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas: concepto, importe anual.

a) Vivendas de carácter familiar, 57,12 euros/ano.

b) Bares, cafeterías, fondas e establecementos de carácter similar, 140,45 euros/ano.

c) Hoteis, hostais, residencias, restaurantes e similares, 294,95 euros/ano.

d) Locais industriais e comerciais de máis de 100 m², 281 euros/ano.

e) Locais industriais ou comerciais, de máis de 50 m² e menos de 100 m², 180,46 euros/ano.

f) Locais dedicados a comercios de venda por xunto de menos de 50 m² e organismos públicos, 96,67 euros/ano.

g) Discotecas, supermercados e entidades financeiras, 483,40 euros/ano.

h) Locais situados na Praza de Abastos:

- Actividade que ocupe un posto: 52 euros/ano.

- Actividade que ocupe dous postos: 78 euros/ano.

- Actividade que ocupe tres ou máis postos: 91 euros/ano.

Artigo 6. Período impositivo e devindicación

O período impositivo coincidirá co ano natural, o devindicación da taxa producirase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas serán irredutibles coa excepción dos supostos de alta e variación de actividades económicas nos que se producirá o rateo por semestres. Tamén se producirá rateo por semestres no caso das baixas de actividades económicas que foran presentadas regulamentariamente.

Artigo 7.- Fraccionamento da débeda

Establécese o fraccionamento do pago das débedas tributarias de vencemento periódico e notificación colectiva deste imposto en dous prazos, sen esixencia de xuros de demora, nos casos en que o pago se realice mediante domiciliación bancaria. O fraccionamento da débeda será sempre de carácter rogado.

O cobro do primeiro dos prazos realizarase na metade do período voluntario de cobranza e será por importe do 50% da débeda tributaria. O cobro do 50% restante realizarase tres meses despois do último día do período voluntario de cobranza.

De non realizarse o pago do primeiro dos prazos por causas non imputables á Administración, anularanse automaticamente o segundo prazo de ingreso e procederase ao cobro da totalidade da débeda en vía executiva, xunto coas recargas e xuros de demora que, se é o caso, correspondan. No caso de que a falta de pago por causas non imputables á Administración se refire ao segundo prazo, esixirase a parte da débeda correspondente a este segundo prazo en vía executiva xunto coas recargas e xuros de demora correspondentes.

Artigo 8.-

1.- Para os efectos da cobertura da presente taxa, por parte do concello formarase un padrón no que figurarán os contribu-



íntes e as cotas respectivas que se lles liquiden por aplicación da presente ordenanza. As altas ou incorporacións que non sexan a petición propia notificaránselles persoalmente aos interesados.

2.- Unha vez incluídos os contribuíntes no padrón de referencia, non será necesario ningunha notificación, bastando a publicación anual deste no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios.

Artigo 9.-

1.- As baixas do padrón poderán cursarse antes do último día laborable do respectivo exercicio para que produzan efectos a partir do exercicio seguinte.

2.- As altas que se produzan dentro do exercicio producirán efectos desde a data en que se produza a obriga de contribuír. A Administración municipal liquidará en tal momento da alta a taxa procedente e quedará automaticamente incorporada ao padrón para seguintes exercicios.

Artigo 10.-

1.- A taxa regulada pola presente ordenanza percibirase por anos completos o día primeiro de cada exercicio.

2.- As cotas liquidadas e non satisfeitas no período voluntario e a súa prórroga faranse efectivas pola vía de constrinximento, consonte coas normas do Regulamento xeral de recadación.

Artigo 11.- Infraccións e sancións

No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan en cada caso, aplicarase a ordenanza fiscal xeral, Lei xeral tributaria e restantes normas complementarias.

Disposicións finais

1ª. No non previsto nesta ordenanza será de aplicación o establecido na Lei 58/2003 xeral tributaria, e restante normativa de aplicación.

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2017, e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación.